

COMEDOR ESCOLAR

CEIP DE TEIXEIRO

Curso 2021-2022

O comedor escolar enténdese coma unha aula máis do colexio. Nela, ademais do servizo de xantar, quérese educar nos hábitos alimentarios saudables, normas de hixiene así como promover a convivencia.

- **MENÚ:**

Será variado, seguindo a guía de axuda para programar menús escolares, do Sergas (en festas e ocasións especiais poderase adquirir algún produto industrial). Para a súa elaboración, terase en conta as actividades do colexio, a tempada e o suministro de provedores.

Se houbese que variar o menú, procurarase respectar os principios dietéticos.

Dietas especiais. Terase que presentar informe médico.


A norma obriga a servir 2 pratos e unha sobremesa.

- **NORMAS:**

- Comer de todo. Hai que intentar probar de todo ou comer pouca cantidade. Repetir, máximo, unha vez cada prato, ata esgotarse a comida.
- Sentarse correctamente. O alumnado comensal poderá sufrir cambios se a directora/encargada o considera preciso para mellorar a convivencia.
- Usar os utensilios de forma axeitada.
- Usar o pano antes de beber.
- Desinfectar as mans antes e despois das comidas.
- Falar nun ton de voz baixo. Durante a pandemia e tendo en conta que o alumnado usuario de comedor está sen protección de máscara e sen distancia social, non deberían de falar mentres comen.
- Se algún neno/a non come ou presenta unha conduta contraria ás normas do comedor, as/os colaboradoras/es informarán á directora/encargada, que informará ás familias.

- **TEMPO DE LECER:**

O alumnado que come no primeiro turno e queda esperando ata ás 15.15 horas ten un tempo de lecer. Os días que vai frío poderán usar o ximnasio. O resto de días xogarán no patio.



Teixeiro, 17 novembro de 2021.